



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 144
24 de xaneiro de 2025

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

■ 16876 (12/POP-002631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa a comarca de Pontevedra no que atinxe ás súas necesidades empresariais

[59548](#)

■ 16877 (12/POP-002632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co seu compromiso para a aprobación dun estatuto e o impulso dun plan estratéxico para a muller rural galega

[59551](#)

■ 16878 (12/POP-002633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao modelo de xestión da residencia da Eiriña, en Pontevedra, así como á condición do seu persoal

[59554](#)

■ 16879 (12/POP-002634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a execución do proxecto de prolongación da autovía do Salnés ata O Grove

[59557](#)

■ 16880 (12/POP-002635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás demandas de desdoblamento da aula de 5º de Ensinanza Infantil do CEIP A Xunqueira II, de Pontevedra

[59560](#)

■ 16881 (12/POP-002636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos



Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da realización de melloras nas estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove [59563](#)

I 16882 (12/POP-002637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o nivel da dotación docente do CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, en comparación coa doutros centros [59566](#)

I 16883 (12/POP-002638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a colaboración do Goberno galego coas medidas da Administración estatal referidas á redución da pegada de carbono no ámbito sanitario [59569](#)

I 16890 (12/POP-002639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a xestión dos tres centros interuniversitarios de investigación existentes no Sistema universitario de Galicia [59572](#)

I 16895 (12/POP-002640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a situación do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Lalín [59575](#)

I 16898 (12/POP-002641)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre as medidas anunciadas polo Goberno central verbo da construción de vivenda pública en Galicia [59578](#)

I 16901 (12/POP-002642)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia [59580](#)

I 16942 (12/POP-002644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación cos fondos Next Generation EU, e particularmente co Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia [59582](#)

I 16944 (12/POP-002645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a garantía que ofrece o peso da participación da Xunta de Galicia na Sociedade Recursos de Galicia de cara ao control público da xestión da riqueza natural do país

[59585](#)**I 16946 (12/POP-002646)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o balance dos cambios no imposto de patrimonio e de bonificacións ás grandes fortunas durante os anos de goberno de Núñez Feijóo e Alfonso Rueda

[59587](#)**I 16949 (12/POP-002647)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

[59590](#)**I 16951 (12/POP-002648)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en materia de política fiscal

[59593](#)**I 16953 (12/POP-002649)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da execución urxente dunha variante na circunvalación de Carballo para conectar o polígono de Bértoa coa zona sur da localidade e facilitar a ampliación do devandito polígono

[59595](#)**I 16955 (12/POP-002650)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre o traballo que levou a cabo o Goberno galego para avanzar na normativa autonómica respecto da regulación dos conflitos de intereses, o seu procedemento e supervisión e a regulación dos *lobbies*

[59598](#)**I 16957 (12/POP-002651)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o acordo do Goberno central polo que se fixaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas no período 2024-2026

[59602](#)**I 16959 (12/POP-002652)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o impulso por parte do Goberno galego dun proxecto de ampliación do porto de Malpica neste ano 2024

[59606](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 28 de xaneiro de 2025, ás 10.00 horas)

[59543](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de xaneiro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 16876 (12/POP-002631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa a comarca de Pontevedra no que atinxe ás súas necesidades empresariais

- 16877 (12/POP-002632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co seu compromiso para a aprobación dun estatuto e o impulso dun plan estratéxico para a muller rural galega

- 16878 (12/POP-002633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao modelo de xestión da residencia da Eiriña, en Pontevedra, así como á condición do seu persoal

- 16879 (12/POP-002634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a execución do proxecto de prolongación da autovía do Salnés ata O Grove

- 16880 (12/POP-002635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás demandas de desdoblamento da aula de 5º de Ensinanza Infantil do CEIP A Xunqueira II, de Pontevedra

- 16881 (12/POP-002636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da realización de melloras nas estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove



- 16882 (12/POP-002637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o nivel da dotación docente do CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, en comparación coa doutros centros

- 16883 (12/POP-002638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a colaboración do Goberno galego coas medidas da Administración estatal referidas á redución da pegada de carbono no ámbito sanitario

- 16890 (12/POP-002639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a xestión dos tres centros interuniversitarios de investigación existentes no Sistema universitario de Galicia

- 16895 (12/POP-002640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a situación do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Lalín

- 16898 (12/POP-002641)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre as medidas anunciadas polo Goberno central verbo da construción de vivenda pública en Galicia

- 16901 (12/POP-002642)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

- 16942 (12/POP-002644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación cos fondos Next Generation EU, e particularmente co Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia

- 16944 (12/POP-002645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a garantía que ofrece o peso da participación da Xunta de Galicia na Sociedade Recursos de Galicia de cara ao control público da xestión da riqueza natural do país



- 16946 (12/POP-002646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o balance dos cambios no imposto de patrimonio e de bonificacións ás grandes fortunas durante os anos de goberno de Núñez Feijóo e Alfonso Rueda

- 16949 (12/POP-002647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

- 16951 (12/POP-002648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en materia de política fiscal

- 16953 (12/POP-002649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da execución urxente dunha variante na circunvalación de Carballo para conectar o polígono de Bértoa coa zona sur da localidade e facilitar a ampliación do devandito polígono

- 16955 (12/POP-002650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre o traballo que levou a cabo o Goberno galego para avanzar na normativa autonómica respecto da regulación dos conflitos de intereses, o seu procedemento e supervisión e a regulación dos *lobbies*

- 16957 (12/POP-002651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o acordo do Goberno central polo que se fixaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas no período 2024-2026

- 16959 (12/POP-002652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o impulso por parte do Goberno galego dun proxecto de ampliación do porto de Malpica neste ano 2024

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 28 de xaneiro de 2025, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 28 de xaneiro de 2025, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 21 de xaneiro de 2025, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de totalidade do proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital (doc. núm. 15320, 12/PL-000006)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f2, do 12.12.2024

Publicación das emendas á totalidade BOPG nº 141, do 17.01.2025

Punto 2. Debate e votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, e dos votos particulares (doc. núm. 11141, 12/SCI-000004)

Publicación das normas de funcionamento, BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

Publicación do ditame de Comisión, BOPG nº 138, do 14.01.2025

Publicación dos votos particulares ao ditame da Comisión, BOPG nº 138, do 14.01.2025

Punto 3. Comparecencia

3.1 17807 (12/CPP-000029)

Do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para explicar as liñas mestras da Consellería na procura de man de obra cualificada para a cobertura de vacantes en sectores estratéxicos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

Punto 4. Mocións

4.1 15601 (12/MOC-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre as estratexias da Xunta para a fixación da mocidade no medio rural (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14080, publicada no BOPG núm. 115f2, do 13 de novembro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025



4.2 15602 (12/MOC-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3470, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

4.3 15632 (12/MOC-000042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5933, publicada no BOPG núm. 43f1, do 26 de xuño de 2024, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 12902 (12/PNP-001051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que explique e remita ao Parlamento a proposta de creación da Fundación Pública para o Impulso da Ciencia de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f1, do 17.10.2024

5.2 15652 (12/PNP-001324)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre a existencia dun compromiso á Xunta de Galicia, así como o traslado ao Goberno central, en favor de medidas orientadas á repotenciación dos parques eólicos antigos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

5.3 15707 (12/PNP-001328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de o Parlamento de Galicia apoiar a celebración do Ano Castelao en 2025

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 135, do 02.01.2025

5.4 16278 (12/PNP-001344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da garantía dunha xestión pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025



5.5 16710 (12/PNP-001375)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e dezaseis deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da transferencia da AP-9, o novo trazado para a A-52, a seguridade viaria na A-55 e a interlocución con todos os concellos afectados

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025

5.6 17126 (12/PNP-001385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de garantir unha xestión pública e directa no futuro Centro de Atención a Personar con Discapacidade de Ourense

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025

Punto 6. Interpelacións

6.1 2130 (12/INT-000147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

6.2 8703 (12/INT-000422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f1, do 22.08.2024

6.3 16261 (12/INT-000681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis

Sobre as consecuencias para Galicia do acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025

6.4 17098 (12/INT-000698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025



Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 17834 (12/POPX-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a orientación que lles está a dar o Goberno galego ás súas políticas de loita contra as desigualdades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

7.2 17837 (12/POPX-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a reversión das privatizacións e a reconstrución da Área Sanitaria de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 15888 (12/POP-002298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións que o Goberno galego ten de dotar a comarca do Baixo Miño cun servizo de transporte público de persoas por estrada que cubra as necesidades de mobilidade da cidadanía desta comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137f1, do 10.01.2025

8.2 17810 (12/PUP-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da constatación de mortes por fusilamentos e polo trato ás persoas represaliadas producidas na illa de San Simón entre outubro de 1936 e marzo de 1943

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.3 17830 (12/PUP-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as iniciativas de coñecemento e divulgación que prevé impulsar a Xunta de Galicia logo da declaración da Illa de San Simón como lugar de memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.4 17080 (12/PUP-000068)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre as liñas básicas do Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos centros de información ás mulleres, que se porá en marcha neste ano 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025



8.5 16708 (12/POP-002566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a declaración do proxecto para a instalación dunha planta de biometanización en Coeses, no concello de Lugo, como iniciativa empresarial prioritaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.6 16900 (12/PUP-000067)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.7 16370 (12/POP-002452)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis

Sobre as accións que pensa impulsar o Goberno galego co obxectivo de rebaixar as listaxes de agarda para consultas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.8 17348 (12/POP-002742)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre os cambios que está a incorporar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o programa galego de cribado neonatal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.9 16160 (12/POP-002374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da produción marisqueira das rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:18:41
Nº Rexistro: 16876
Data envío: 13/01/2025 11:18:41.577

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego, entre outros motivos pola situación loxística na que se atopa o seu solo industrial, pola conectividade ferroviaria directa, a proximidade ao porto de Marín e a facilidade de acceso á autoestrada AP-9.

A Xunta do PP non foi quen de ver isto e no desenvolvemento do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais no ano 2014 deixou sen desenvolver todas estas posibilidades e agora na segunda modificación do Plan que se está a tramitar tampouco prevé ningunha ampliación na comarca de Pontevedra, a maiores algunhas zonas que si estaban previstas tampouco foron desenvolvidas nestes 10 anos.

Nun momento de oportunidade como o que estamos a vivir coa recepción de fondos europeos que nos permitirán desenvolver unha industria verde destinada á xeración de recursos que faciliten unha autosuficiencia enerxética e melloren a nosa capacidade produtiva, o Goberno da Xunta, como administración competente, ten que ser capaz de reter no noso territorio o maior investimento posible.

Na comarca de Pontevedra existen 4 polígonos industriais, a Reigosa (Pontecaldelas), Fragamoreira (Poio), O Campiño (Pontevedra), Barro-Meis,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:18:41
Nº Rexistro: 16876
Data envío: 13/01/2025 11:18:41.577

que necesitan crecer da man para poder chegar a albergar todos eses ambiciosos proxectos e xerar emprego de calidade no territorio.

A maiores desde o Grupo Socialista levamos anos insistindo na necesidade de crear un porto seco, que poida ampliar a industria vinculada ao porto de Marín e que neste momento, non ten posibilidades de crecemento, sinalando o lugar de Leborei na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) como axeitado por contar con 435.137 metros cadrados e presentar unha situación máis que axeitada para satisfacer as necesidades do porto de Marín.

Por todo iso, dende o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia, como administración competente en materia de ordenación do territorio, industria e fomento e planificación da actividade económica de Galicia, que desenvolva a ampliación destes parques co fin de cubrir as necesidades empresariais existentes na comarca de Pontevedra.

Por todo o antedito, interesa coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Entende este goberno que a comarca de Pontevedra ten cubertas as súas necesidades empresariais?

Parlamento de Galicia, 13 de Xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:18:41
Nº Rexistro: 16876
Data envío: 13/01/2025 11:18:41.577

Asinado dixitalmente por:

**Paloma Castro Rey na data 10/01/2025
13:04:28**

**Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025
13:04:36**

**Lara Méndez López na data 10/01/2025
13:04:45**





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:18:52
Nº Rexistro: 16877
Data envío: 13/01/2025 11:18:52.468

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No Debate do Estado da Autonomía do ano 2021 aprobouse por unanimidade, por iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, a resolución final 12ª:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que impulse, en colaboración coas asociacións de mulleres do rural, a elaboración en 2022 do Estatuto da Muller Rural Galega e dun Plan Estratéxico para a Muller Rural de Galicia que contribúan á promoción integral das mulleres, á súa plena participación social e á igualdade de oportunidades real.

Este plan, que deberá partir dun estudo rigoroso da situación socioeconómica das mulleres do rural galego, deberá incluír, cando menos, accións dirixidas a promover o acceso das mulleres á formación e ao emprego, así como o desenvolvemento da súa actividade emprendedora no medio rural.»

A ruralidade é un factor de vulnerabilidade que tamén se debe ter en conta nas políticas de igualdade. Neste senso, para seren eficaces son precisas políticas transversais para o territorio rural con perspectiva de xénero. O rural é un espazo masculinizado para o que á hora de pensar solucións aos problemas as mulleres non adoitan ter a consideración de protagonistas. Permanecen ausentes da acción política, da axenda social e económica nas vilas e aldeas, pechadas no ámbito doméstico-privado, onde, ademais, consolidan o rol reprodutivo e de coidadora.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59551

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:18:52
Nº Rexistro: 16877
Data envío: 13/01/2025 11:18:52,468

O crecente despoboamento das áreas rurais constatado ano a ano nas diferentes estatísticas do IGE obriga a poñer todos os esforzos, por parte da Xunta de Galicia, nas mulleres do rural galego.

E a pesares de que parecía que íamos avanzar neste senso, o certo é que tres anos despois da aprobación da resolución na que a Xunta de Galicia se comprometía á creación do estatuto da muller rural e do mar e á elaboración dun plan estratéxico para a muller rural e do mar, ningún deles existe.

O primeiro ademais aparece reflectido na Lei de igualdade do ano 2023, pero non de xeito particular senón aglutinando tamén as mulleres do mar, unha cuestión que se atopou co rexeitamento das principais entidades asociativas galegas de mulleres rurais e de mulleres do mar.

Do segundo, nada se sabe ata o de agora, comezando por un inexistente aínda que obrigado estudo da situación socioeconómica das mulleres do rural galego.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego cumprir antes de que remate o actual período de sesións, a resolución 12ª do Debate do Estado da Autonomía do ano 2021 aprobada por unanimidade por iniciativa do Grupo Socialista e os artigos 147, 179 e 180 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59552

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:18:52
Nº Rexistro: 16877
Data envío: 13/01/2025 11:18:52.468

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 13:13:40

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 13:13:47

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 13:13:55

CSV: B6P5T8DCEWd9kND0V-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Mangana Espinosa e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Fundación Amancio Ortega entregou o pasado día 24 de outubro á Xunta de Galicia a nova residencia da terceira idade cuxa construción está a rematar en Pontevedra.

No acto de entrega das chaves o presidente Rueda non quixo aclarar algunhas cuestións relativas ao funcionamento da mesma coma por exemplo se ía a ser de xestión pública ou privada.

Tampouco aclarou aspectos coma as datas de remate e posta en funcionamento ou as dotacións coas que vai contar este centro.

Estamos a falar dunha residencia de máis de 5.000 metros cadrados que conta con 120 prazas para maiores repartidas en 42 habitacións dobres e 36 individuais.

Pontevedra unicamente conta coa residencia de Campolongo de xestión pública que ten un número de prazas claramente insuficiente para asumir a demanda existente neste municipio e nos concellos limítrofes.

Dende o Grupo Socialista defendemos o dereito das persoas maiores a recibir unha atención social pública e de calidade, polo que sostemos a necesidade de crear unha rede de residencias públicas tanto de titularidade como de xestión que poida atender as demandas dunha poboación cada vez máis envellecida.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:19:04
Nº Rexistro: 16878
Data envío: 13/01/2025 11:19:04.124

É por iso, polo que solicitamos ao Goberno da Xunta de Galicia que determine a xestión pública directa da residencia da Eiriña en Pontevedra e, polo tanto, que o seu persoal pertenza á Xunta de Galicia e teña a condición de empregado público.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan queren coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego asumir o compromiso da xestión pública directa da residencia da Eiriña en Pontevedra e, polo tanto, que o seu persoal pertenza á Xunta de Galicia e teña a condición de empregado público?

Parlamento de Galicia, 13 de Xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:19:04
Nº Rexistro: 16878
Data envío: 13/01/2025 11:19:04.124

Asinado dixitalmente por:

**Paloma Castro Rey na data 10/01/2025
13:06:14**

**Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025
13:06:25**

**Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025
13:06:31**





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 16879
Data envío: 13/01/2025 11:19:16.577

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 2012 rematouse o último tramo da autovía do Salnés que une o concello de Barro co de Sanxenxo.

Unha autovía que supón un avance na conectividade e facilita o acceso á costa desde a AP-9.

Esta autovía sorprendentemente esquécese dun dos principais concellos turísticos da zona como é o concello do Grove, xa que só chega ata A Lanzada (concello de Sanxenxo) quedando un tramo de aproximadamente 10 km sen cubrir.

Esta carencia ocasiona múltiples problemas sobre todo na tempada estival porque na estrada autonómica que transcorre desde O Grove ata a entrada da vía rápida prodúcense retencións quilométricas, e viceversa porque estes atascos provocan tamén retencións á saída desta vía.

As vítimas destes atascos non son só os turistas senón tamén a veciñanza do Grove que se dirixen á súa vila ou os comerciantes e profesionais que se ven obrigados a utilizar a vía rápida do Salnés.

O Grove é unha das vilas máis turísticas das Rías Baixas e o número de visitantes aumenta cada ano polo que non entendemos porque a Xunta de Galicia meteu nun caixón o proxecto de desdoblamento do tramo que une Sanxenxo co Grove que fora anunciado en 2008 polo Goberno bipartito, e que





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 16879
Data envío: 13/01/2025 11:19:16.577

unicamente se xustifica por unha discriminación clara do Goberno do Partido Popular a un concello doutra cor política.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Por que o Goberno da Xunta non executa o proxecto de desdoblamento do tramo da vía rápida do Salnés que permitiría continuar desde o concello de Sanxenxo ata o concello do Grove?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 16879
Data envío: 13/01/2025 11:19:16.577

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 13:08:35

Carlos López Font na data 10/01/2025 13:08:50

CSV: B6P5T8D3wMEj2DUR26
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:19:45
Nº Rexistro: 16880
Data envío: 13/01/2025 11:19:45,437

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Como acontece cada ano por estas datas, o inicio efectivo do novo curso escolar saca á luz eivas e necesidades educativas e de investimento nos diferentes centros de ensino do concello. Algunhas son vellas demandas da comunidade educativa non atendidas aínda pola Administración e outras son imprevistos non detectados nas fases previas de preparación do actual curso, ante as que un goberno que sexa áxil e estea comprometido de verdade coa imprescindible calidade do ensino público debe reaccionar aportando solucións no menor tempo posible.

De entre todas esas necesidades, unhas das máis sensibles e urxentes son as que teñen que ver coa plena integración e a adecuada atención na aula dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais (NEE). Algo fundamental para eles e as súas familias, porque só así se pode garantir a súa verdadeira igualdade de oportunidades presente e futura, pero tamén fundamental para o conxunto da sociedade, porque un país digno e totalmente democrático é aquel que non discrimina ou desatende a ningún dos seus cidadáns e cidadás en función da discapacidade ou dificultade que cada quen poda ter.

Tal e como están a denunciar os pais e nais do centro, no CEIP Xunqueira 2 de Pontevedra hai un grave problema deste tipo, ante o que urxe unha reacción e solución inmediata da Xunta de Galicia. A única aula do 5º curso de ensino infantil (4 anos) conta actualmente con 24 alumnos e alumnas, ao límite da súa capacidade legal sen alumnado NEE, pero entre os que hai tres menores





diagnosticados con trastorno do espectro autista (TEA), con graos de discapacidade de ata o 88 %, e un cuarto que xa acode a terapia ocupacional e está actualmente pendente de valoración polo servizo de neuroloxía pediátrica.

Trátase dunha situación claramente insostible, que impide levar a cabo de xeito efectivo a atención personalizada e especializada que require este alumnado e que impedirá, de non se solucionar, o normal desenvolvemento pedagóxico do conxunto do curso. Un grave problema ante o que a Consellería de Educación reaccionou dun xeito absolutamente insensible, raquítico e, sobre todo, inútil, asignando “medio mestre” a esta aula, un docente de apoio a media xornada, entre as 9 e as 11.30 horas.

Mentres a propaganda oficial do Partido Popular e a Xunta de Galicia falan, en palabras do conselleiro de Educación, de que este curso 2024-2025 é “o de maior modernización nos últimos trinta anos”, destacando a baixada “histórica” das ratios de alumnos e alumnas por clase, unha nova ponderación dos estudantes con discapacidade, contando por dous ou por tres a efectos de ratios en función do seu grado de discapacidade ou melloras nas condicións do persoal docente, o certo é que a realidade dos centros educativos de Pontevedra dista moito desa visión idílica que nos pretenden vender Alfonso Rueda e o seu goberno.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Como vai o Goberno da Xunta atender as demandas existentes na aula de 5º curso de ensino infantil do CEIP Xunqueira 2 de Pontevedra?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:19:45
Nº Rexistro: 16880
Data envío: 13/01/2025 11:19:45,437

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 13:00:57

Julio Abalde Alonso na data 10/01/2025 13:01:06

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 13:01:19

CSV: BGRSTB9C0M9Y2C1E-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:20:14
Nº Rexistro: 16881
Data envío: 13/01/2025 11:20:14.859

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ten a competencia da planificación, financiamento, redacción de proxectos, así como da execución de obras de mantemento, conservación e mellora das estradas de competencia autonómica, concretamente na mellora do firme, da seguridade viaria, de executar sendas peonís e carrís ciclistas, alumeadado, ou a humanización daqueles tramos das estradas autonómicas que collen zonas urbanas nas vilas galegas.

A Xunta ten executado, nestes últimos anos, ao longo da xeografía galega, obras que recollen actuacións descritas anteriormente pero ningunha no concello do Grove.

Segundo o Decreto 308/2003, do 26 de xuño, polo que se aproba a relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, as estradas PO-317 e PO-316 son titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas dúas estradas percorren o concello do Grove.

A situación destas dúas estradas é desastrosa, a PO-317 ten as beirarrúas desfeitas que xa non cumpren, en moitos tramos, co ancho que establece a lei para a seguridade peonil, o alumeadado está en pésimas condicións, así como o propio firme da estrada.





En canto á PO-316 no tramo da rúa Luís A. Mestre ten un firme desfeito polas fochancas, con beirarrúas e alumeado en mal estado e coa necesidade de cambio das tubaxes da rúa.

Desde o Goberno local do Grove trasladaron, en múltiples ocasións, á Xunta de Galicia a necesidade de actuar nestas dúas estradas, cun proxecto de senda peonil, alumeado e mellora do firme para a PO-317; así como a proposta dun proxecto de humanización para a rúa Luís A. Mestre, pero nunca obtiveron resposta.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista insistimos na necesidade de actuación nestas estradas pola situación na que se atopan que non cumpre os parámetros esixibles de seguridade viaria e por se tratar dunha localización esencial para o turismo das rías baixas. O Parlamento insta á Xunta de Galicia, aproveitando o novo marco de financiamento dos Fondos FEDER, a incorporar no orzamento da Xunta de Galicia do exercicio 2025 o financiamento necesario e suficiente para a execución dun proxecto de reforma nas estradas PO-317 e PO-316, no tramo da rúa Luís A. Mestre, que recollan as seguintes actuacións: na PO-317 unha senda peonil mediante a habilitación de beirarrúas que se adapten á normativa vixente, renovación do alumeado que se atopa en pésimas condicións, renovación do firme da estrada.

Ante esa situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego executar algunha actuación nas estradas PO-317 e PO-316, no tramo da rúa Luís A. Mestre, sitas no concello do Grove?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:20:14
Nº Rexistro: 16881
Data envío: 13/01/2025 11:20:14.859

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:54:28

Carlos López Font na data 10/01/2025 12:54:37

CSV: B6P5T8B3-ly0y2Mj0e02
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O CEIP Plurilingüe Vilaxoán é un dos centros escolares de carácter público sito no concello de Vilagarcía, conta cun total de 206 alumnos e alumnas, dos cales o 31% do alumnado pertence ao Departamento de Orientación: alumnado TEA, trastornos condutuais, trastorno xeralizado do desenvolvemento, grandes dependentes e con altas discapacidades.

Este curso escolar produciuse neste centro un incremento do número de alumnado con necesidades educativas especiais pero a Consellería, a pesar do requirimento, non dotou ao centro do persoal necesario para atender as novas necesidades que se presentan este curso, carecendo do persoal mínimo para cubrir as necesidades e para ofrecer unha mellor e máis axustada atención ao alumnado.

Esta situación, ademais, agrávese co feito de que o centro foi excluído do programa PROA+, a pesar de cumprir os requisitos de selección.

O centro tamén conta con dúas prazas de persoal coidador superando a ratio establecida por lei, que é 1 por cada 6, atendendo nestes momentos a 9 alumnos e alumnas por persoa coidadora.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos porque a Consellería de Educación discrimina a este centro sen dotalo dos recursos necesarios,





evidenciando que se a medida que aumentan as necesidades, os recursos non aumentan, e os que hai teñen que ser repartidos entre máis alumnado, se provoca unha sobrecarga de traballo no profesorado e se imposibilita unha educación equitativa e de calidade.

Esta falta de persoal deixa ao alumnado sen os apoios necesarios para un efectivo e real acceso a unha educación digna e inclusiva.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Por que o Goberno galego discrimina ao CEIP de Vilaxoán de Vilagarcía en relación con outros centros?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:20:45
Nº Rexistro: 16882
Data envío: 13/01/2025 11:20:45,203

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:50:41

Julio Abalde Alonso na data 10/01/2025 12:50:50

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 12:51:06

CSV: B6P5T8D9JH4j0DXBA-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:21:51
Nº Rexistro: 16883
Data envío: 13/01/2025 11:21:51.656

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carlos López Font, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector sanitario ten un papel de "emisor activo" de carbono, xa que é responsable do, aproximadamente, 4,4 % das emisións mundiais netas.

Para loitar contra isto o Goberno de España aprobou o Programa de Actuación 2022-2023 do Plan Estratéxico de Saúde e Medio Ambiente (PESMA), un documento de referencia internacional que inclúe un total de 14 directrices para avanzar fronte aos riscos medioambientais a través da promoción de contornos saudables o a identificación de novas ameazas derivadas de factores ambientais, sobre todo á poboación mais vulnerable.

Hai un ano puxo en marcha o Observatorio de Saúde e Cambio Climático (OSCC), que impulsa accións que priorizan a saúde e a acción climática, en coordinación co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Entre estas medidas atópase o Plan para a redución da pegada de carbono no eido sanitario con medidas coma o uso de inhaladores de po seco e néboa fina para o tratamento de enfermidades respiratorias e a implantación de medidas para a reciclaxe dos mesmos.

Dende o Grupo Socialista cremos que o Sergas, que conta coas competencias en materia de xestión da sanidade en Galicia debe sumarse a este plan e adscribirse no "Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:21:51
Nº Rexistro: 16883
Data envío: 13/01/2025 11:21:51.656

absorción de dióxido de carbono” depende do MITECO co fin de que Galicia se implique na loita contra o cambio climático tamén dende o eido sanitario.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego colaborar co Estado nas medidas previstas para a redución da pegada de carbono no eido sanitario?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:21:51
Nº Rexistro: 16883
Data envío: 13/01/2025 11:21:51.656

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:43:00

Carlos López Font na data 10/01/2025 12:43:10

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 12:43:24

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 12:43:38

CSV: B6P5T8B3Ww6j0Dba-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Unhas das características que distingue ao **SUG** doutros sistemas universitarios autonómicos é a intensa colaboración entre as tres institucións públicas galegas en programas formativos e de investigación así como na creación de estruturas e uso de infraestruturas conxuntas. Un número importante dos mestrado do **SUG** son interuniversitarios e son impartidos por dúas ou as tres universidades galegas e se imparten actualmente dous graos interuniversitarios entre a **UDC** en unha das outras universidades, a **USC** no caso de Paisaxe e a **UVIGO** en Relacións Internacionais

No ámbito da investigación o **SUG**, ademais da participación de grupos de investigación en proxectos interuniversitarios e utilización conxunta de infraestruturas científicas, dispón de tres institutos universitarios de investigación nos que traballan investigadores das tres universidades, sendo unha das fortalezas do noso **SUG** que potencia e fai mais competitivo o I+D+i realizado polas tres universidades públicas de Galicia.

Estes institutos de investigación interuniversitarios son, por orde cronolóxico de creación, o **IMATI**, o **CISPAC** e o **Ecobas**.

IMATI, Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, creado no ano 2021, agrupa a 106 investigadores vinculados, 40 investigadores en formación e 20 tecnólogos e persoal de apoio. Capta anualmente 1.2 M€ en convocatorias competitivas e 0,8 M€ en convenios con empresas.





CISPAC, Centro de Investigacións Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais, creado no ano 2021, agrupa a 108 investigadores vinculados, 164 investigadores en formación, 36 Investigadores postdoutorais e 21 tecnólogos e persoal de apoio. Capta anualmente 1.3 M€ en convocatorias competitivas e 0,6 M€ en actividades de transferencia empresas.

EcoBas, Centro de Investigación en Economía Circular, creado no ano 2022, agrupa a 84 investigadores vinculados, 22 investigadores en formación, 8 Investigadores postdoutorais e 2 tecnólogos e persoal de apoio. 4,9 M€ captado entre o 2020 a 2022 polo persoal adscrito ao centro en convocatorias competitivas e actividades de transferencia empresas.

Sen embrago, a súa natureza de centros interuniversitarios complica de forma dramática a xestión económica, debido a que cada proxecto ten que adscribirse a universidade a que pertencen os IPs dos proxectos, unha das tres universidades do SUG. Igualmente complica a solicitude de convocatoria coa natureza xurídica do centro que non é independente da de cada universidade. Polo tanto é necesario dispoñer de un mecanismo que aporte unha natureza xurídica propia que permita permitir autonomía e flexibilidade de xestión e inclusión das tres universidades que aportan o persoal investigador e a instalacións científicas. Esta figura xurídica, entidade de xestión, non debería depender de unha institución universitaria polo que sería necesario que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, directamente ou a través de algún organismo dependente, como GAIN, impulse este estrutura de xestión que agrupe os tres centros de investigación interuniversitario e as tres universidade públicas de SUG.

Igualmente, as convocatoria de Centros CIGUS e os indicadores de avaliación están deseñados para os centros de investigacións de cada universidade e non están adaptados as características de este centros interuniversitarios, que son unha fortaleza do noso SUG.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 12:20:01
Nº Rexistro: 16890
Data envío: 13/01/2025 12:20:01.647

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Consellería a existencia dos Centros Interuniversitarios, característico do SUG?

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:12:10

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2025 12:12:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59574

@PSdeG



CSV: BGRISIRBGMWtYqZDwZ
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A situación da falta de pediatras en Lalín é moi preocupante.

Ao longo e ancho da xeografía de Galicia veñen producindo vacantes e baixas non cubertas pero tamén unha falta xeneralizada de médicos desta especialidade.

E a realidade que vivimos volveuse complexa porque se arrastra desde hai anos. Pero o que é peor. Esta escaseza de pediatras en atención primaria, nun territorio disperso como Galicia, é un mal que estando identificado polo Goberno Gallego non se lle dá solución, máis aló de situacións moi puntuais ou desgraciadamente onde se producen grandes actuacións contestarias. E non queremos que isto sexa o que suceda en Lalín. O que queremos é unha solución definitiva e permanente aos problemas que teñen porque responden a unha problemática real. Necesidade de resposta que non é a primeira vez que se expón.

Temos en Galicia 194 concellos nos que non dispoñen de pediatra ou se o prefiren, segundo os últimos datos dispoñibles son 11.478 menores que non teñen pediatra asignado.

E a situación Lalín é que, a día de hoxe, segue existindo unha vacante de pediatría sen cubrir desde hai meses e previsiblemente atopémonos, a curto prazo, con outra praza sen cubrir debido a unha baixa de longa duración por maternidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 12:21:50
Nº Rexistro: 16895
Data envío: 13/01/2025 12:21:50.429

Diciamos que non é a primeira vez que tratamos de buscar resposta por parte da Xunta de Galicia, ao problema de falta de atención pediátrica que teñen Lalín, e aínda que poida variar un pouco o escenario no que nos movemos, a realidade é sempre a mesma: falta de prazas de pediatras, non cobertura de vacantes, non cobertura de baixas..... E todo iso conleva longas esperas que poden alcanzar os 15 días e conleva tamén, entre outras moitas mais cousas, sobrecarga de traballo dos outros facultativos.

Lembrar tamén que devanditos facultativos teñen que atender a outros concellos limítrofes polo que a súa dedicación en Lalín non é o 100 % da xornada.

E os veciños e veciñas de Lalín viven en primeira persoa os excesivos tempos de espera tanto na modalidade presencial como telefónica.

E esta situación pode levar á saturación de urxencias, cando algunhas veces non é realmente unha atención de urxencia, pero os pais e nais necesitan que se atenda ao seu fillos e fillas e soamente quédanlle dúas opcións: ou ir a urxencias ou acudir a unha consulta privada.

É necesaria unha solución e a non solución desta situación poñerá de manifesto, a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galicia a cubrir as baixas e vacantes de pediatría no centro de saúde de Lalín?

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:17:48

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59576

@PSdeG



CSV: BGR1STRBQ3mM5gJ07Ue62
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 12:21:50
Nº Rexistro: 16895
Data envío: 13/01/2025 12:21:50.429

Carlos López Font na data 13/01/2025 12:17:56

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2025 12:18:05

CSV: BGRSTB93mM5j97Ue62
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59577

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, , Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

A vivenda é un dos grandes retos que ten todo o país, tanto para o acceso a un alugueiro como para a compra dun inmovible. Acadar prezos accesibles na vivenda galega foi un compromiso prioritario adquirido polo presidente Alfonso Rueda para o que a Xunta de Galicia está a dar importantes pasos adiante, tanto nesta como nas anteriores lexislaturas, co obxectivo de incrementar o parque público de vivenda protexida e facilitar o acceso á mesma tanto do conxunto da poboación xeral como dos colectivos máis vulnerables, cumprindo así cos obxectivos recollidos no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025 vixente.

Neste contexto de necesidade de incrementar o parque público de vivendas, cómpre coñecer cal será o obxectivo fixado polas administracións públicas para os próximos anos, toda vez que o Ministerio de Vivenda está a iniciar os contactos coas CC.AA para a elaboración do novo Plan Estatal de Vivenda, toda vez que o vixente remata este ano.

A estas conversas súmase a creación da Sociedade Pública de Vivenda por parte do Goberno Central a partir do SEPES polo que resulta preciso coñecer en que se traducirá exactamente para Galicia a creación desta nova entidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno da Xunta as medidas anunciadas polo Goberno de Pedro Sánchez para construír vivenda pública en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 13/01/2025 12:27:23

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2025 12:27:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2025 12:27:44

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2025 12:28:26

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2025 12:28:31

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2025 12:29:01

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2025 12:29:06

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2025 12:29:36

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2025 12:29:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O Executivo que dirixe Pedro Sánchez parece obsesionado en manter as autoestradas estatais en Galicia como as máis caras de España o que repercute en contra do intereses dos usuarios destas vías e do conxunto das galegas e dos galegos.

O seu ministro de Transportes, Óscar Puente, xoga a facer realidade a famosa frase “onde dixen digo digo Diego”: primeiro non hai cartos para as bonificacións nas autoestradas estatais galegas, que foran comprometidas tanto en campaña como no propio pacto de investidura. Despois anuncia que si haberá bonificacións para a AP-9, que se materializaron o pasado 1 de xaneiro, pero acompañadas dunha suba de nada menos que do 5,34 % para vehículos lixeiros.

Pero non foi a única xa que o vial Santiago-Dozón tamén subiu en 3,89 %, sendo máis grave aínda se temos en conta que se trata da única autoestrada que non ten ningunha bonificación. Non obstante, o BNG anunciou que acadara un compromiso co Ministerio de Transportes para estender a bonificación a AP-53, pero o Ministerio non concretou aínda cando se faría efectiva esta bonificación e en canto sería definitivamente.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da suba de peaxes nas autoestradas galegas ao tempo que se fai efectiva unicamente a bonificación da AP-9?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2025 12:39:20

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2025 12:39:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2025 12:40:27

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2025 12:40:56

María Deza Martínez na data 13/01/2025 12:41:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2025 12:41:44

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2025 12:42:06

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2025 12:42:35

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2025 12:42:53





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ante a crise provocada pola covid, a UE decidiu apostar por políticas económicas expansivas que fixesen fronte aos riscos económicos existentes en Europa e particularmente nos países máis afectados pola pandemia. En concreto, as institucións europeas, xunto ao financiamento regular, puxeron en funcionamento un conxunto de fondos económicos que foron distribuídos entre distintos países. O 21 de xullo de 2020 o Consello Europeo acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal, o Next Generation EU, incluíndo xunto ao ReactEU o Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia. Os criterios de reparto establecidos pola UE permiten que a economía española poida recibir unha importante contía destes fondos que xa está empezando a chegar e circular en distintas convocatorias e proxectos.

Estes fondos europeos Next Generation EU, e especificamente o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, son importantes para as posibilidades de modernización da economía galega ante a dobre transición ecolóxica e dixital, así como para a xeración de emprego, a cohesión social e territorial e a igualdade. Sen embargo, o goberno da Xunta careceu dunha estratexia fundamentada e actuou con falla de transparencia e pouca vontade de acordo, incluso ante o Parlamento de Galicia, evitando informar detalladamente e coordinar posicións de país no que poida ser prioritario.

A política de bandazos da Xunta de Galicia evidenciouse cando pasou de priorizar 7 proxectos tractores a sinalar 106 para despois listar 354, remitindo ao goberno do Estado unha folla na que se enumeraban estes proxectos sen máis detalles.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:11:38
Nº Rexistro: 16942
Data envío: 13/01/2025 13:11:38,714

De feito, o propio Ministerio de Economía reclamou á Xunta que clarificase as súas prioridades.

Mentres o goberno da Xunta xa está dispoñendo e investindo partidas orzamentarias remitidas dende o goberno español que proveñen deses fondos europeos. No momento actual xa foron transferidos no máis de 1659 M de euros respecto os Fondos Next Generation EU, mentres se poñen en marcha e desenvolven un conxunto de PERTE, o goberno da Xunta debe traballar para conseguir que Galicia aproveite axeitadamente a oportunidade dos fondos europeos Next Generation EU.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a Estratexia da Xunta de Galicia en relación aos fondos europeos Next Generation e particularmente do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:25:04

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59583

@PSdeG



CSV: B6P1S1RBDZ4MgJ9D4Jes.2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:11:38
Nº Rexistro: 16942
Data envío: 13/01/2025 13:11:38,714

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 12:25:10

CSV: B6P5TRBDC4Mgaj0D4es.2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

59584

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:12:31
Nº Rexistro: 16944
Data envío: 13/01/2025 13:12:31.168

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A través de novas nos medios de comunicación, coñecemos a noticia da creación da sociedade público - privada de Recursos de Galicia“ (RDG)” que nace *“baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia”* con 15 millóns de euros de capital inicial e coa finalidade de acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas. Segundo palabras do presidente da Xunta de Galicia, a sociedade RDG *“É garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social”*.

Segundo as novas, a empresa constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que cunha participación do 30 % da Xunta de Galicia na dita sociedade se garante o control público da xestión da riqueza natural da nosa comunidade?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59585

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:12:31
Nº Rexistro: 16944
Data envío: 13/01/2025 13:12:31.168

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:27:52

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 12:28:05

CSV: B6P5TRB3669JEDUE-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

59586

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A facenda pública require de ingresos públicos para facer fronte ás necesidades de gasto dos distintos gobernos e especificamente dos gobernos autonómicos para dar cobertura de calidade á prestación dos servizos públicos á cidadanía galega coma a sanidade, educación, servizos sociais e infraestruturas. Servizos públicos que foron minguados e privatizados durante tódolos anos do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Acertar na política fiscal é fundamental non só para o saneamento das contas públicas, cuxa relevancia ven dada no noso criterio por un fin instrumental, senón para determinar os niveis de investimento público e gasto social así como para o fortalecemento do estado do benestar.

O conxunto das políticas públicas vense afectadas dun xeito ou doutro polas posibilidades de gasto da administración autonómica. Certo é que no Estado das Autonomías a corresponsabilidade fiscal das comunidades foi unha materia pendente na que houbo avances pero na que queda moito máis por facer. Deste xeito a maior parte dos recursos cos que conta o goberno de Galicia proveñen do goberno do Estado, cuxos ingresos veñen determinados á vez polo sistema tributario existente e onde as normas de financiamento autonómico, agora xogan un papel fundamental.

O novo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, sinalou no seu discurso de investidura que nos anos de gobernos da Xunta de Galicia presididos por Núñez Feijóo "o conxunto das familias galegas aforrou en impostos 1200 millóns





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:13:38
Nº Rexistro: 16946
Data envío: 13/01/2025 13:13:38,527

de euros" debido ás rebaixas fiscais promovidas pola Xunta e anunciou continuar coas rebaixas fiscais, como a ampliación da exención do imposto das herdanzas que favorecen a patrimonios de mais de 1.000.000 de euros millón de euros, ou a bonificación do imposto das grandes fortunas, que deben saber as galegas e galegos que favorecen a fortunas superiores a 168.000 euros netos, de aí para arriba.

Á vez os orzamentos da Xunta de Galicia foron incrementando moitas das súas partidas, o cal denota a necesidade de ter ingresos fiscais, e dada a relevancia deste asunto hai que estudar con rigor os efectos de cambios impositivos na economía galega, nos niveis de igualdade existentes e nas implicacións para a facenda.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Quen foi o beneficiado polos cambios no imposto de patrimonio e de bonificacións ás grandes fortunas feitos polo PP durante os anos de goberno autonómico presidido por Núñez Feijoo e agora por Alfonso Rueda?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59588

@PSdeG



CSV: BGRSTBDCyM6pPQd492
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:13:38
Nº Rexistro: 16946
Data envío: 13/01/2025 13:13:38,527

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:31:10

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 12:31:22

CSV: B6P5TRBQyM6pPQd492
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59589

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo tras o afundimento do petroliero *Prestige* a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, a unha das comarcas máis illadas de Galicia, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción.

A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno autonómico encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adxudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de finalizala se non se lle pagaba un 30 % máis.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitándoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras por FCC e Covsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito.

En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, “trasladarlle aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía: estivemos, estamos e estaremos á cabeza desta infraestrutura que é imprescindible e inaprazable; trasladarlle á empresa construtora e á empresa





concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito. Ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que “quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incertezas sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo de certezas, toca apoiar ao Goberno para que a obra remate en prazo”.

A partires dese ano, vemos como ano tras ano, a Xuntade Galicia incluía nos sucesivos orzamentos da Xunta de Galicia dotacións plurianuais claramente insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumprida de rematar a autovía da Costa da Morte, sen que dende entón se tiver avanzado absolutamente nada.

Dúas comarcas, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica que ano tras ano perde poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebran o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Co novo Goberno galego recentemente constituído, vai a asumir a Xunta de Galicia o compromiso de que neste ano 2024 vai a iniciar a licitación para rematar a autovía da Costa da Morte, que conecta Baio con Vimianzo e Berdoias?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:15:12
Nº Rexistro: 16949
Data envío: 13/01/2025 13:15:12.778

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:44:32

Carlos López Font na data 10/01/2025 12:44:43

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:44:53

CSV: B0P5TRBQ1665AD5B-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59592

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No derradeiro informe sobre a estabilidade orzamentaria da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal -AIREF- publicado o 12 de abril de 2024 alértase da rebaixa das previsións económicas de Galicia para 2024 que sitúan a Galicia en risco de incumprir a regra de gasto e débeda pública contraída.

No informe da AIREF constátase o incremento do 8 por cento no gasto e o aumento da débeda nun 15 por cento, o que desequilibra a fiscalidade galega e provoca un deterioro importante das finanzas públicas, co risco de que deixen sen atender a calidade dos servizos públicos como sanidade, educación, servizos sociais ou dependencia.

Ademais, o Banco de España, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas, Galicia ten unha débeda de 12.170 millóns no IV trimestre de 2023, a cuarta cifra máis alta da historia, acadada tamén no ano 2023. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que nos orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de máis de catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora.

A economía galega non vai tan ben como o resto de España ao crecer un 1,8 por cento, fronte ao 2,5 do Estado, e logo de que pecharan 11.000 empresas en 2022. Hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Goberno galego do Partido popular, que triplicou a débeda ao tempo que





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:15:55
Nº Rexistro: 16951
Data envío: 13/01/2025 13:15:55.013

non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas nin apostou pola transformación económica do noso país.

O Goberno galego coas súas rebaixas fiscais para rendas altas deixar de recadar 150 millóns de euros ao ano. A decisión do presidente Rueda de deixar sen aplicar o imposto ás grandes fortunas, así como as exencións ao imposto do Patrimonio ou as novas exencións ao imposto de herdanzas que ten anunciado para os maiores patrimonios, en realidade agocha menos recursos para os servizos públicos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai continuar o Goberno galego coa estratexia de continuar coas rebaixas fiscais para as rendas altas, que implican a diminución da calidade dos servizos públicos e incremento da débeda pública por riba da media en España?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:47:44

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 12:47:53

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59594

@PSdeG



CSV: B6P5TRB3MjwajdU462
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:16:48
Nº Rexistro: 16953
Data envío: 13/01/2025 13:16:48,826

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Para o desenvolvemento industrial da comarca de Bergantiños, Ordes e Santiago e por motivos de seguridade viaria e diminuír o tránsito de vehículos pesados na AC-552, é urxente acometer a execución da variante da circunvalación de Carballo, que na súa primeira fase conectará o polígono industrial de Bértoa en Carballo coa zona sur da localidade, e permitirá ampliar o devandito polígono industrial.

A realización da variante é unha infraestrutura prioritaria para a próxima lexislatura, que apoian tanto a comunidade de propietarios do polígono de Bértoa coa análise feita pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Non é a primeira vez. Xa hai apenas dous meses, en decembro, a comisión de infraestruturas da CEG trasladou á conselleira de Infraestruturas, a importancia de acelerar os trámites de execución da estrada de circunvalación de Carballo, que cualificaba como unha infraestrutura estratéxica para mellorar a conectividade das comarcas de Bergantiños, Ordes e Santiago.

Despois dunha azarosa tramitación que comeza no 2005, cun proxecto aprobado no 2013 e deixado caducar, a Xunta de Galicia adxudica a actualización dos documentos dunha primeira fase en decembro de 2020, cun prazo de 20 meses. A pesar de que o prazo para a súa redacción era de 3 meses o Estudo de Impacto Ambiental non se somete a información publica ata o 28 de xuño do 2022.

Por outra banda, ante a inacción do Goberno galego do PP, na Xunta presidida por Emilio Pérez Touriño aprobouse o Plan Director de Estradas que no que se incluíu o proxecto de execución da infraestrutura da variante.





No ano 2009 inícianse os sucesivos gobernos do PP. No ano 2009 o expediente sigue o seu curso e a nova administración encarga e aproba o Proxecto de Execución da obra.

O 21 de abril de 2010 a Xunta adxudica a "Enxeñeiros e Arquitectos Idom, S.A." a redacción do Proxecto construtivo por importe de 263.516,98 €.

O Proxecto construtivo foi aprobado en 2013.

O último ano que aparece o proxecto nos presupostos é o 2011:

2011	2012	2013	2014 e seguintes
153.000	3.100.000	7.000.000	4.700.000

Entre o 2011 e o 2020 o Proxecto desaparece completamente a excepción da proposta de emenda ós presupostos sucesivos que se facía dende Bergantiños.

Os estudos de tráfico citados antes veñen a demostrar que Carballo está afogado no tráfico rodado. Está resolto o tráfico que circula polo eixo Coruña-Arteixo-Carballo-Fisterra, con variantes cara as poboacións da Costa da Morte; pero non a circulación norte-sur. O tráfico lixeiro e pesado que proceda do Eixo Coruña-Arteixo-A Laracha-Polígono de Bértoa (Carballo) e dos Concello de Coristanco, Malpica, Ponteceso e Cabana ten necesariamente que cruzar o casco urbano de Carballo coa correspondente sobrecarga e perigo. Case a diario hai transportes pesados que quedan atrapados por non existir unha ruta clara que poida ser sinalizada.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:16:48
Nº Rexistro: 16953
Data envío: 13/01/2025 13:16:48,826

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a comprometerse neste 2024 para licitar e executar a obra pública da variante da circunvalación de Carballo, que na súa primeira fase conectará o polígono industrial de Bértoa en Carballo coa zona sur da localidade, e permitirá ampliar o devandito polígono industrial?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:55:35

Carlos López Font na data 10/01/2025 12:55:54

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:56:03

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59597

@PSdeG



CSV: B6P5T8D9C0M7EJ9DUE-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As prácticas irregulares, no seo do ámbito público, e de forma particular nos contratos feitos durante a pandemia- cando moita xente estaba a sufrir- foi e é unha das cuestións que máis preocupan á cidadanía do noso tempo por ser contraria á legalidade e á ética e integridade pública. Malgasta os recursos públicos, aumenta a desigualdade económica e social, alimenta o descontento e a polarización política e diminúe a confianza nas institucións. A mera existencia dun conflito de intereses non constitúe un caso de corrupción. Agora ben, se non se xestiona adecuadamente, o conflito de intereses pode dar lugar a favoritismos, abusos de poder, tratos discriminatorios, falta de imparcialidade e obxectividade.

A situación provocada como consecuencia da pandemia derivada da COVID 19 xerou unha relaxación dos controis na licitación e adxudicación de contratos públicos, o que, en non poucos casos, deu lugar a importantes irregularidades, consecuencia de comportamentos ás veces arbitrarios, e outras moitas pola falla de rigor e control.

O Consello de Contas de Galicia, que é o órgano que fiscaliza as contas do sector público galego e que tamén ostenta as competencias legais de prevención da corrupción do Sector público Galego, constatou importantes irregularidades e deficiencias na contratación de emerxencia que fixo o Goberno galego durante a crise sanitaria.



Neste sentido, a fiscalización realizada polo Consello de Contas respecto da contratación de emerxencia efectuada polo Servizo Galego de Saúde entre marzo de 2020 e maio de 2021 constatou a existencia de importantes irregularidades, incumprimentos legais e a conculcación dos principios básicos da contratación pública e do bo goberno, que inspiran o funcionamento da administración e que aconsellan promover un mínimo de concorrência, transparencia, motivación da urxencia e a comprobación da aptitude e capacidade técnica dos adxudicatarios.

Asemade, no derradeiro informe do Consello de Contas publicado en marzo do 2024 detectouse a concentración de contratos de emerxencia en 11 empresas adxudicatarias (vexase anexo I do Informe do Consello de Galicia) por importes superiores a dous millóns de euros por contrato (anos 2019, 2020 e 2021), no que se identifican empresas adxudicatarias nas que podería existir conflito de intereses. Resulta significativa a concentración das adxudicacións nun número reducido de empresas, cuxo obxecto social, nalgúns casos, nada ten a ver coa importación, distribución ou fabricación dos produtos contratados.

No 2020 case a metade do máis de 80 millóns de euros adxudicados se reparten en 11 empresas, e no 2021 son unicamente 4 empresas as destinatarias de 2 de cada 3 euros contratados pola vía de emerxencia.

Segundo a definición legal: un conflito de interese existe desde o momento en que concorre un interese privado (familiar, persoal, de amizade, de interese político) que puidera influír sobre o resultado da adxudicación dun contrato, en prexuízo do interese xeral, da transparencia do procedemento e da igualdade de trato dos licitadores.

Ademais, o Consello de Contas evidencia irregularidades nos contratos de emerxencia do goberno galego: falta de transparencia, expedientes insuficientemente xustificadas como de emerxencia, falta de solvencia técnica





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:17:32
Nº Rexistro: 16955
Data envío: 13/01/2025 13:17:32.154

das empresas que non se dedicaban ao subministro do material sanitario nin ao rastreo das persoas contaxiadas, desfases de centos de miles de euros nas adquisicións de subministros dos contratos de máscaras contratos verbais, documentos de formalización sen data ou incumprimento de requisitos formais nos expedientes de emerxencia.

Por outro lado, se se facemos unha comparativa dos informes de fiscalización feitos por outros órganos de control externo, tanto autonómicos como do propio o Tribunal de Cuentas do Estado, Galicia foi unha das Comunidade Autónoma que máis incumpriu os requisitos legais dos contratos de emerxencia.

A día de hoxe descoñecemos que foi dos 159 millóns de euros de fondos covid para sanidade enviados polo goberno central a Galicia pero que se atopan en destino descoñecido, cando o único que sabemos de certo é que non foron dedicados á Sanidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Fóra das medidas esixidas na normativa do Goberno de España para os Fondos Next Genration EU(planes de medidas antifraude), modificouse a Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno ou ditouse outra normativa autonómica para completar no sector público autonómico a regulación dos conflitos de intereses, o procedemento e a supervisión dos mesmos, a regulación dos grupos de intereses (lobbies)?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59600

@PSdeG



CSV: B6P1STBDC7BAGJ6D14-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:17:32
Nº Rexistro: 16955
Data envío: 13/01/2025 13:17:32.154

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:59:03

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:59:14

CSV: B6P1S1R8CZ8W6J6D14-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59601

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado 19 de decembro o Parlamento de Galicia aprobou os seus orzamentos para o ano 2024, condicionados á aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado, que establecerán a marxe orzamentaria financeira que deberán cumprir as administracións.

En aplicación da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e de conformidade co seu artigo 15, o Consello de Ministros aprobou, o pasado 12 de decembro de 2023, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026, así como o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para 2024.

Este acordo establece un obxectivo de déficit para todas as administracións do Estado do 3 % do PIB en 2024 (2,7 % en 2025 e 2,5 % en 2026). Un acordo e uns obxectivos, lembremos, que foron aprobados por Bruxelas.

O documento, que recibiu o visto e prace de Bruxelas, recolle o obxectivo do 3 % de déficit distribuído por subsectores dun xeito máis estrito para as comunidades autónomas e entidades locais, esixindo ás comunidades autónomas equilibrio orzamentario e ás entidades locais un superávit orzamentario de +0,2 %.



O Goberno de España tentou durante estes anos de goberno dar maior marxe de financiamento ás comunidades autónomas, que son as que garanten o estado do benestar. Son as competentes en prestar os servizos públicos básicos de sanidade, educación e protección social. E, neste mesmo sentido, aprobouse unha senda de estabilidade que supón unha flexibilidade nos obxectivos para as comunidades autónomas e entidades locais.

Deste xeito, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario para todas as comunidades autónomas, propónse un déficit do 0,1 % en 2024, tal e como se propón no Consello de Política Fiscal e Financeira, obtendo informe favorable na súa sesión do 11 de decembro. Nas entidades locais, tal e como propón a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), os concellos e outras entidades locais xa non terían que acadar un superávit do 0,2 % en 2024 e situaríanse en equilibrio orzamentario.

Trátase, polo tanto, dunha marxe adicional para comunidades autónomas e entidades sociais de tres décimas máis, equivalente a máis de 4.570 millóns de euros (4.573,2 millóns), que recae na Administración Xeral do Estado:

- Unha décima máis de marxe para as comunidades autónomas: máis de 1.500 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.
- Dúas décimas máis de marxe para as entidades locais: máis de 3.000 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.

Pero a pesar da flexibilidade para comunidades autónomas e entidades locais, que estas medidas significan, o PP tanto no Congreso dos Deputados como no Senado uniu os seus votos cos da extrema dereita para rexeitar estes acordos, a pesar de que a quen máis prexudica é aos gobernos autonómicos e locais.

É dicir, o PP vota en contra dun acordo do Goberno de España, que prexudica claramente os intereses económicos da nosa Comunidade Autónoma e, polo tanto, dos 2.699.424 de habitantes.





A senda de estabilidade proposta, foi aprobada no Congreso en dúas ocasións, o 10 de xaneiro e outra vez, o 29 de febreiro, co voto en contra do PP. Cando foron rexeitadas, no seu primeiro intento, no Senado, o Goberno volveu presentar os obxectivos de estabilidade a ambas Cámaras, de acordo co establecido no artigo 15.6 da LOEPSF, sendo rexeitados de novo no Senado, en segunda volta. Deste xeito, os obxectivos de déficit para a Administración Central, CCAA e EELL serán finalmente os fixados no Programa de Estabilidade do mes de abril, que xa conta coa aprobación das autoridades europeas.

É dicir, o resultado dun novo rexeitamento de PP e Vox no Senado á senda da estabilidade, leva consigo a redución da capacidade de financiamento vía déficit que terán as comunidades autónomas e entidades locais, concretamente, para esta comunidade supón 166 millóns de euros

Unha redución da capacidade de gasto que terá a Comunidade Autónoma de Galicia nas súas contas públicas, xa que agora terán que pasar a contemplar nelas un equilibrio orzamentario para 2024, fronte a marxe inicial de 0,1 % de déficit. Unha situación que prexudicará claramente á cidadanía de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Manifesta o Goberno galego o seu apoio ao Acordo de Goberno de España polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas na nosa Comunidade Autónoma?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:18:19
Nº Rexistro: 16957
Data envío: 13/01/2025 13:18:19.029

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 13:03:28

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 13:03:38

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 13:03:48

Julio Abalde Alonso na data 10/01/2025 13:03:59

CSV: BGPSIBR03Yp0j80UB-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

59605

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Malpica é o maior porto pesqueiro de baixura da Costa da Morte, unha vila de gran tradición mariñeira que no século dezasete era un gran porto baleeiro, na actualidade as súas descargas céntranse no peixe de baixura e os mariscos, del saen as tarrafas unhas embarcacións de ata 50 toneladas, dedicadas á pesca do xurelo e a sardiña, que faenan de noite dende Laxe ata Cariño coa arte da tarrafa, rede longa de 550 x 90 metros, coa que cercan os bancos de peixe. Deste porto tamén saen, dende a mañá ata a tarde, os barcos do día, embarcacións de menor tonelaxe dedicadas á pesca de crustáceos, cefalópodos e peixe branco, para o que utilizan diversas artes como miños, nasas, betas ou palangres. Os barcos de Malpica descargan no porto, entre outros: sardiña, xurelo, raia, melgacho, abadexo, linguado, ollomol, polbo, centola, nécora e percebe.

As condicións de acceso actuais á dársena do porto de Malpica son de moito perigo, cunhas comportas que xeran unhas correntes que complican a circulación das embarcacións, con múltiples accidentes e danos tanto na dársena, como nas embarcacións e nos mariñeiros. Este perigo acabou derivando nunha morte a finais do 2018, unha situación que non se debería volver a repetir sen que antes Portos de Galicia dea unha solución aos problemas que ten o porto interior, pero a pesar dos continuos anuncios da Xunta de Galicia sobre as melloras na dársena, case cinco anos despois seguimos a esperar polas actuacións prometidas.





A través de meteogalicia, incluíron no proxecto “Mar Risk” un estudo para a análise das ondas longas do porto de Malpica co obxectivo de diagnosticar a probabilidade de que se produza e provoque resonancia na dársena interior, cunha antelación de 72 horas. Esta actuación e os estudos realizados, anunciaron que darían lugar a un proxecto co que se pretendía dar unha solución definitiva ao problema de seguridade no porto malpicán e tamén anunciaron que barallaban varias intervencións complementarias que se poderían incluír nun proxecto definitivo. Estudos, medicións, sistemas de análise das correntes, pero tralo mortal accidente de finais de 2018, no que perdeu a vida o patrón do “Silvosa” e despois das reunións entre Portos de Galicia, a Confraría de pescadores e a familia da vítima, dende o Goberno galego seguen sen desenvolver as medidas máis axeitadas que impidan que accidentes deste tipo se repitan no futuro.

Nesa busca de solucións aos problemas de seguridade do porto malpicán, o Goberno galego debería apostar por unha solución que dea un impulso ás capacidades económicas do porto, un proxecto que faga posible que o porto aumente as súas capacidades e que sexa unha instalación de referencia para o sector da pesca.

Nesa liña, o anterior grupo de goberno do concello de Malpica, encabezado polo socialista Walter Pardo e seguindo un proxecto que tiña a propia confraría de pescadores, pediulle á Xunta de Galicia que ampliase o dique de abrigo do porto, unha solución que acabaría cos problemas de seguridade e lle daría impulso á actividade económica do dito porto, que é esencial para o futuro da vila de Malpica.

No Grupo Socialista entendemos que apostar pola ampliación do dique de abrigo sería a mellor solución de seguridade para o porto e tamén a mellor aposta da Administración autonómica para impulsar a economía do concello de Malpica para proxectar a ampliación do dito dique de abrigo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:19:01
Nº Rexistro: 16959
Data envío: 13/01/2025 13:19:01.733

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comprométese o Goberno galego nesta anualidade 2024 a adoitar a redacción do proxecto así como a construción da ampliación do dique de abrigo do porto de Malpica?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 13:12:41

Julio Abalde Alonso na data 10/01/2025 13:12:50

Carlos López Font na data 10/01/2025 13:12:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59608

@PSdeG



CSV: B6P1STBDCJm1stgq7Uw-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-Mr6j9DUe-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

